As 7 Parroquias
A REVISTA DO CONCELLO DE CEDEIRA
Marzo de MMXXII- Número 20

O orzamento de 2022, outra vez coa prioridade no social

O primeiro pleno ordinario de 2022 serviu para aprobar o novo orzamento do Concello de Cedeira, no que outra vez se plasma a prioridade que o goberno local dá aos programas e prestacións no eido dos Servizos Sociais. A este departamento destínase o 17% do total de recursos, que ascenden este ano a 6.317.604€, un 0,04% máis que no pasado exercicio. A presentación do proxecto económico diante da corporación foi acompañada dun informe técnico de Intervención que acredita a boa saúde financeira da administración municipal.

Xunto co capítulo social, destacan o de novos investimentos -con 552.253€-, así como o incremento dos fondos dedicados ao tecido asociativo. De novo están nas contas a partida dos Orzamentos Participativos e a reserva para a próxima campaña arqueolóxica de Sarridal, ao tempo que se incorporan outras como unha partida para a musealización dos fondos de Rafael Usero. Este ano, ademais, resérvanse fondos para unhas festas de verán máis normalizadas. Segue nas páx. 2 e 3

O proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal, na fase decisiva

Os seis anos que o Concello de Cedeira, xunto cos outros seis municipios implicados, adicou a traballar no proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal deron froito a finais de ano. A iniciativa pasou o corte do Comité Español e foi seleccionada como unha das dúas candidaturas que se presentarán este ano ante a Unesco. Comeza agora unha fase decisiva, a de avaliación, na que será especialmente importante acreditar a identificación da cidadanía co proxecto. A súa presentación este ano en Fitur tivo, por iso, unha especial importancia e a cita serviu para contrastar diferentes cuestións con responsables doutros xeoparques. Segue na páx. 5

sumario

» Investimento de máis de 61.000€ para o arranxo do exterior da ampliación da escola infantil da Galiña Azul
Páx. 4

» Rehabilitado o lavadoiro de Vila do Río, o Concello tramita xa o arranxo de dúas fontes públicas máis
Páx. 6

» Sinalizadas as colonias felinas protexidas no casco urbán, en cumprimento da Lei de Benestar Animal
Páx. 6

» Cedeira adopta o peixe de Teixido como nova marca territorial de seu
Páx. 7

» A corporación local expresa o seu rexeitamento unánime ao proxecto do parque eólico mariño Nordés
Páx. 7

O Concello aposta de novo nos seus orzamentos polos servizos sociais

O pleno da corporación cedeiresa aprobou na súa primeira reunión deste ano o orzamento para 2022, no que se fai unha nova aposta polos servizos sociais. O presuposto ascende a 6.317.604€, dos que 1.080.000€, o 17%, van destinados a sufragar programas e prestacións para veciños e veciñas que por diferentes circunstancias precisan apoio. O factor humano é esencial no proxecto económico do goberno local, que presentou as novas contas acompañadas dun informe de Intervención acreditando que o Concello de Cedeira goza de estabilidade e boa saúde financeira.

A cantidade destinada aos servizos sociais é a mesma que no ano anterior, pero neste exercicio o esforzo do Concello é maior porque daquela contara con maiores recursos procedentes dun plan especial da Deputación. Ademais, o goberno local incrementa a partida destinada a impulsar o tecido asociativo nos eidos cultural, social, educativo e deportivo. Un total de 293.735€ destinaranse este ano a subvencións, tanto a través de convocatorias de concorrencia competitiva como de convenios nominativos. Para o capítulo de investimentos resérvanse 552.253€, dos que 443.707€ veñen a través do Plan Único de Concellos da Deputación da Coruña. Nas contas deste exercicio 2022, ademais, o goberno local de Cedeira reservou recursos suficientes para unhas festas de verán que, en circunstancias sanitarias máis normalizadas, se pretenden facer especialmente atractivas.

Remodelación da praza 18 de Decembro e outras obras

Desde o goberno municipal pedíase recentemente paciencia á veciñanza de Cedeira polas molestias que poden estar a causar as obras en curso. Comezaron hai pouco os traballos de remodelación integral da praza 18 de Decembro -tamén coñecida como a dos cabalos-, unha actuación que vai dotar a este espazo público dunha estrutura cuberta e abrigada do vento, e van iniciarse outras actuacións como as obras de conservación do firme da avenida de España e o Camiño Pitilleira. Son traballos que poden restar prazas de estacionamento e provocar outras incomodidades, pero que repercutirán, recorda o rexedor, nunha vila con mellores dotacións para a cidadanía.

Nos últimos meses desenvolvéronse tamén as obras de peche das pistas municipais de pádel, a construción do bowl de skate e a tirolesa no parque do Camiño Real, a rehabilitación do anel da Praza Roxa, a mellora do saneamento na rúa Amor Hermoso e a rehabilitación estrutural dos antigos escolares de Saa e Sisalde. Actuose tamén nos camiños municipais da zona rural, concretamente nos accesos a Barral (en Esteiro), Casal de María (en San Román) e Ferreira (en Montoxo), así como nos viais de Sedeás, Reboredo e A Peroxa.

Máis proxectos para seguir avanzando en saneamento e máis necesidades

En gran parte con cargo ao Plan Único de Concellos da Deputación Provincial da Coruña, o capítulo de investimentos do orzamento deste ano 2022, dotado con 552.253€, permitirá avanzar en materia de saneamento, eficiencia enerxética do alumamento público e outras melloras para a vila. Estes son os proxectos máis importantes incluídos nas contas de 2022.

Ampliación da rede de saneamento das Pontigas

Este proxecto ten un presuposto de 99.963€ que servirá, despois de que o Concello realizase xa a obra de construción dunha nova depuradora e o tendido do colector xeral polas marxes das estradas DP-2204 e DP-2206, para ampliar a rede de colectores e levala ás vivendas da zona das Pontigas, A Pardiñeira e outras.

Senda peonil e ampliación da calzada en Cordobelas

Cun presuposto de 80.995€, o Concello vai acometer obras para ensanchar o camiño municipal de Cordobelas, en San Fiz de Esteiro, xa que os anchos actuais, que oscilan entre os 2,90 e os 3,50 metros, dificultan os cruces de vehículos. Dotarase ao vial de 4 metros de ancho e unha senda peonil dun metro para mellorar a seguridade viaria.

Rede separativa en varias rúas do casco urbano

O Concello vai executar dous proxectos similares, un nas rúas Viveiro e Cerdido, e outro na rúa María Mediadora. Estas obras permitirán avanzar, como outras que se fixeron con anterioridade, no obxectivo de dotar a todo o casco urbano de Cedeira de rede separativa. As rúas Viveiro, Cerdido e María Mediadora contan agora cunha rede unitaria de saneamento e con sumidoiros na rúa, que recollen as pluviais que os edificios verten directamente na rúa. Ao tempo que se melloran as canalizacións, renovarase o pavimento dos viais. Os dous proxectos suman un investimento de 109.797€.

Cubrición do parque infantil da praza Floreal

Este proxecto, cun presuposto de 70.730€, consistirá en cubrir o parque de xogos infantís que está na praza Floreal, cunha estrutura metálica e cuberta de placas de policarbonato que ofrecerá seguridade e resistencia, ao tempo que deixa pasar a luz natural. É unha actuación pensada para revalorizar este espazo público e facilitar que as familias poidan aproveitalo tamén con choiva para pasar o tempo de lecer.

Novo alumado público nas avenidas Area e Castelao

Cun investimento de 84.666€, este proxecto vai dirixido a corrixir a contaminacion lumínica que producen as actuais lámpadas da avenida Area. Está previsto substituír 33 unidades nesta vía pública por novas bombillas de tipo LED, coas súas columnas e novas canalizacións. A actuación prevé tamén o cambio de dúas lámpadas na avenida Castelao.

Igualdade e participación, tamén nos orzamentos

Os orzamentos deste ano 2022 plasman o compromiso do goberno local de reservar cada ano unha partida para o programa de Orzamentos Participativos. Así, despois da experiencia piloto que protagonizou en 2021 o alumnado de 4º de ESO do IES Candieira, desta volta serán os rapaces e rapazas de terceiro curso de Secundaria quen poderán vivir en primeira persoa a experiencia de xestionar recursos públicos. Nun proceso participativo e guiado por técnicos municipais e profesorado, farán propostas, debatirán e decidirán, finalmente, o destino de 20.000€ ao tempo que aprenden como funciona un Concello.

O presuposto municipal do actual exercicio tivo tamén en conta a aprobación, o ano pasado, do primeiro Plan de Igualdade do Concello de Cedeira, para dotar economicamente as accións previstas na folla de ruta e ir facendo realidade os avances previstos nesta materia. O mesmo pasa coa partida adicada á musealización da colección doada polo cronista local da vila, Rafael Usero, que vai consignada no novo orzamento.

Recursos para impulsar o proxecto do Xeoparque

Nun ano que vai ser decisivo para impulsar o proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal, o Concello de Cedeira reservou unha partida superior aos 20.000€ ao cofinanciamento das actuacións previstas por parte da asociación formada polos sete concellos implicados, que aportan en función do seu número de habitantes.

Por outra banda, o Concello de Cedeira mantén tamén o compromiso coa posta en valor do enclave histórico de Castro Sarridal. De novo o vindeiro verán, a administración local financiará unha campaña arqueolóxica neste lugar.

Adecuación do exterior da ampliación da escola infantil

O Concello ten en marcha obras de adecuación das fachadas e a cuberta da ampliación da escola infantil da Galiña Azul por valor de máis de 61.000€. A actuación chega dous anos despois de que Cedeira cedera de balde o edificio no que o Consorcio de Servizos Sociais levou adiante a ampliación do centro facendo posible o paso das 58 prazas de antes ás 78 actuais. A administración local acomete agora o arranxo do exterior do inmoble, uns traballos que abranguen a reparación de fendas, impermeabilización e pintado das fachadas, o cambio dos ventanais, a reparación do beirado do tellado e a colocación de novos caleiros.

Ao fío da realización destes traballos, o alcalde Pablo Diego Moreda Gil recordou que está á espera de reunirse coa conselleira de Política Social, Fabiola García, para abordar a creación dun Centro de Día. Segundo explica o rexedor local, o Concello ten unha parcela preto da antiga estación de autobuses para poñer en marcha este proxecto, que pode impulsarse a través dun acordo de cofinanciación e que ten una grande importancia tanto para Cedeira como para municipios próximos.

Extensión da banda ancha no municipio

O municipio de Cedeira é un dos máis de 4.500 do país que participan do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (UNICO), que garantirá unha velocidade, na cobertura de internet, de máis de 100Mbps. Desde o Concello notificáronse o pasado verán ao Ministerio as zonas "blancas" e "grises", que teñen menos de 30Mbps e menos de 100Mbps, para planificar correctamente a actuación. Telefónica é a adxudicataria do proxecto de mellora da rede no que vai Cedeira e que está presupostado en máis de 4,4 millóns de euros.

Ordenanza de retirada de vehículos

O Concello aprobou a primeira ordenanza municipal que regula a taxa de inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. Tal e como se informou desde o goberno local, é unha ferramenta que vai facilitar e axilizar o traballo do guindastre cando haxa vehículos obstaculizando saídas ou ben impedindo o desenvolvemento de actividades programadas na rúa. A taxa pola retirada de turismos e vehículos con masa autorizada maior de 750 quilos será de 90€, incrementados en 5€ por cada día de custodia.

O Concello puxo ambiente festivo ao Nadal e o Entroido

Tras un intenso Nadal, no que tiveron grande éxito as propostas do Concello para as familias -a pista de patinaxe sobre xeo e os obradoiros da praza Roxa-, a vila de Cedeira celebrou de novo o Entroido de maneira virtual. Ainda que non houbo desfile de comparsas, porque a incerteza sobre a situación non deixou tempo para preparalo, si que houbo ambiente de troula polas rúas, animado por unha batucada, e as familias gozaron coas festas temáticas que se desenvolveron no Polideportivo Municipal.

O proxecto do Xeoparque camiña xa como candidatura oficial de España

A mediados de novembro pasado chegou a confirmación: O proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal convertíase en candidatura oficial, elixida polo Comité Español de Cooperación coa Unesco, para optar ao título de Global Park. Despois de seis anos de traballo, a iniciativa encara a etapa decisiva para entrar no clube internacional dos lugares de interese xeolóxico excepcional. Tal e como explicou o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, "temos acreditado que a zona conta con características excepcionais para entrar na lista", porén comeza agora un camiño no que "ten especial importancia que sexamos quen de facer nosa a iniciativa, espertar a maior identificación da cidadanía co proxecto, que todos e todas entendamos que é unha aposta necesaria para lograr o desenvolvemento sostible do territorio".

A designación como candidatura chegou ao pouco de que o Goberno central concedese 1,5 millóns de euros ao proxecto, no marco dunha convocatoria para Plans de Sostenibilidade Turística en Destino. Cos recursos necesarios, comeza a fase de evaluación da iniciativa, que se vai prolongar ata o vindeiro mes de setembro e na que terá un peso importante a visita que farán os responsables da Unesco.

Pouco despois de proclamarse a candidatura, esta foi presentada en Fitur, a feira internacional de turismo que tivo lugar un ano máis en Madrid, nun acto no que participaron o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e a concelleira de Turismo, Carmela Prieto. Máis aló da difusión da iniciativa nun evento tan importante para o sector turístico, a viaxe foi aproveitada para atoparse e traballar con persoas e entidades vencelladas a diferentes xeoparques.

Os sanandreses triunfaron en Fitur

Os sanandresiños foron protagonistas este ano en Fitur. A axencia Turgalicia, da Xunta, quixo contar cun dos artesáns que elaboran as coloridas figuriñas de Santo André de Teixido e amosar no seu stand de Ifema unha das tradicións máis singulares desta terra mística ateigada de lendas. Jorge Bellón, pertencente a unha das familias de artesáns que traballan ao pé do santuario, viaxou ata a feira coas seus sanandreses e tamén fabricounos alí en vivo e en directo, espertando grande interese no público. Mesmo os reis de España, no seu percorrido inaugural, levaron unha flor e o peixe de Santo André como agasallo.

Avanza a recuperación das fontes e lavadoiros públicos

O Concello de Cedeira desenvolve desde o anterior mandato un intenso programa de recuperación das fontes e lavadoiros públicos, moitos deles deteriorados pola falta de uso e de mantemento. A última intervención rematada foi a da fonte da Vila do Río, en San Román, cun orzamento de algo máis de 19.000€, e a próxima afectará a outros dous lavadoiros en Montoxo e Piñeiro. Para abordar estes últimos proxectos, o goberno local pediu axudas á Xunta no marco do programa de corrección de impactos paisaxísticos.

Son elementos singulares da arquitectura da vila de Cedeira que, tal e como recorda o alcalde, Moreda Gil, "forman parte da historia cotiá dos nosos maiores, especialmente das mulleres, porque alí ían a lavar e tamén a encontrarse e convivir". O Concello recuperou con anterioridade as fontes da Barca, das Saíñas, Fernando Lago, do Areal, de Vilar e de Vila do Río.

Cedeira sinaliza as colonias felinas protexidas

O Concello de Cedeira vén de sinalizar as colonias felinas protexidas do casco urbán, unha medida coa que se converte en referente no cumprimento da Lei de Benestar Animal. Un total de 15 placas, cun debuxo cedido por Leandro Lamas, marcan os lugares nos que están estas colonias, indicando que está prohibido alimentar sen autorización aos animais, así como molestalos ou substraelos. O goberno local conta coa colaboración da Asociación de Benestar Animal de Cedeira (ABAC) para coidar e controlar a poboación de gatos de rueiro.

A xestión de residuos mellorará cun punto limpo itinerante

O goberno local de Cedeira solicitou recentemente unha axuda, ao abeiro dunha convocatoria da Xunta de Galicia con fondos Next Generation, para incorporar ao parque móbil de titularidade municipal un camión con caixa aberta e guindastre que vai funcionar como un punto limpo itinerante. A finalidade é que este vehículo vaia polas diferentes parroquias, en datas que se irán anunciando oportunamente, para que a veciñanza poida depositar voluminosos. O investimento será de 60.500€.

A administración municipal quere mellorar con este punto limpo itinerante a xestión de residuos, ofrecendo un servizo de proximidade que contribúa a reducir o número de depósitos incontrolados de residuos. Desde o Concello recórdase que Cedeira dispón actualmente de contedores separados de envases lixeiros, papel-cartón e vidro, así como dun servizo de recollidas periódicas de residuos voluminosos porta a porta e colectores de roupa e de aceite de cociña usado. Ademais, a poboación ten ao seu servizo un punto limpo situado no polígono da Xunqueira, ao que se poden levar enseres os mércores de 16.00 a 20.00 horas e os sábados de 10.00 a 14.00 horas.

"Cedeira Informa", un servizo municipal

Cedeira Informa é un servizo, vía WhatsApp, para manter informada á cidadanía das novidades da axenda municipal. Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604.024.266 co nome "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira". A continuación, ao teléfono da persoa solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e comezará a recibir as novas.

Actividades para todos os públicos

O Concello de Cedeira desenvolve ao longo do curso lectivo, unha chea de actividades orientadas a persoas de todas as idades. O departamento de Servizos Sociais ten en marcha clases de informática, zumba, ximnasia terapéutica, taller de memoria e musicoterapia, todas gratuítas. A oferta artéllase en diferentes quendas tanto no casco urbano como nas diferentes parroquias, para facilitar a asistencia á veciñanza. O departamento de Servizos Sociais promove tamén os talleres de estimulación cognitiva, que se imparten no Auditorio en colaboración coa asociación AFAL.

Pola súa banda, a Concellería de Cultura impulsa tamén actividades como os cursos de inglés -para nenos e nenas de 5 a 11 anos-, a pintura, os tapices e o xadrez, tamén nalgúns casos con grupos nas parroquias. A oferta vai sumar este semestre outras propostas como un obradoiro de fotografía, outro de creatividade, o curso "5 claves para unha boa nutrición" e o taller "O cesto dos tesouros", de estimulación sensorial de bebés de 6 a 18 meses.

Cedeira adopta o peixe de Teixido como marca propia

O Concello de Cedeira leva anos traballando na reivindicación do seu carácter mariñeiro como piar fundamental da economía e como un atractivo turístico de primeiro orde. Así, o goberno local ten impulsado e liderado, ou ben participado con outras entidades, diferentes proxectos do GALP A Marina-Ortegal, aproveitando os fondos europeos para o desenvolvemento sostible de zonas de pesca. Dunha destas iniciativas, Pescaturacción, agromou recentemente a nova marca territorial de Cedeira que se está a incorporar a todos os eidos da actividade municipal e tamén a outros ámbitos como o comercio, a artesanía, o deporte ou a cultura.

Nesta mesma liña de traballo, o Concello de Cedeira vén de poñer en marcha dous novos proxectos, Cedeira Mar e Cedeira Mariñeira, con fondos do GALP. O primeiro destes proxectos, no que participan a Confraría de Pescadores e os dous centros educativos da vila, vai dirixido a difundir entre os escolares e o público en xeral o importante papel que xogan as xentes do mar no coidado do medio ambiente, a través da utilización de métodos de extracción sustentables na pesca de baixura e no marisqueo artesanal. O segundo proxecto vai consistir na creación dunhas rutas tematizadas, que se poderán percorrer a pé ou en bicicleta, facendo fincapé en iconas da paisaxe cedeiresa como os Cantís de Herbeira, os miradoiros de San Fiz de Esteiro, Robaleira, Punta Sarridal, Santo Antón de Corveiro, Punta Candieira e outros lugares, e dando a coñecer lendas, anécdotas e datos históricos asociados a eles e que forman parte da cultura local.

Unánime rexeitamento do pleno ao proxecto eólico mariño Nordés

Todas as forzas políticas representadas no pleno da corporación cedeiresa apoiaron a moción presentada polo grupo de goberno para rexeitar o proxecto do parque eólico mariño Nordés, promovido pola sociedade formada por Bluefloat Energy e Sener Renewable Investiments. O Concello súmase con esta votación ao manifesto asinado pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, xunto con outras 28 organizacións, que considera que este proxecto pon en perigo a biodiversidade do caladoiro do Cantábrico-Noroeste. O acordo recorda que destes bancos pesqueiros dependen máis de 4.300 barcos e 12.000 pescadores, así como 48.000 postos indirectos en terra.

A corporación cedeiresa expresou, con este acordo, o seu apoio á Confraría de Pescadores de Cedeira, que tamén ten rexeitado expresamente este proxecto. Con anterioridade, o Concello de Cedeira xa tiña cursado alegacións para amosar a súa oposición aos proxectos de parques eólicos mariños de San Brandán e San Cibrao. Xunto coa contaminación acústica e a afectación das correntes mariñas, argumenta o manifesto, existen a día de hoxe grandes incógnitas sobre as consecuencias da instalación destes xigantes muíños de vento no medio mariño.

A Confraría de Pescadores, motor da economía de Cedeira

Pasaron poucos días da traxedia do "Villa de Pitanxo" en Terranova no momento en que As7Parroquias fala co patrón maior da Confraría de Pescadores de Cedeira, Ricardo Villar. É imposible apartar o terrible suceso da conversa, na que xurden tamén outros problemas actuais do sector, como o proxecto do parque de enerxía eólica marina Nordés. Porén, Villar abre un paréntese para expresar a súa paixón polo traballo no mar. "É verdade que é moi sufrido, pero tamén hai días bos, nos que vas e ao mellor levantas para unha semana e volves contento para o porto", comenta. "A min encántame", di.



A merluza de volanta e os percebes son os principais produtos da Confraría de Cedeira, unha empresa cooperativa que loita por modernizarse e garantir a súa rendibilidade e o seu futuro. A mellora da eficiencia enerxética da fábrica de xeo foi un avance importante dos últimos anos -sen a que os actuais prezos da electricidade terían asfixiado ao pósito-, e tamén contribuiron a sanear as contas a venda do antigo edificio da confraría ao Concello, para a ampliación do Centro de Saúde, e o aluguer dunha nave, no polígono da Trabe, á nova empresa DoNorte.

Con todo, Ricardo Villar subliña que o sector ten moitas dificultades. Nomea en primeiro lugar as cotas de pesca, que representan de partida un esforzo económico enorme e que condicionan, ou mesmo impiden, que se poidan acometer melloras nos barcos e nas condicións laborais. "Estes días lin unha reportaxe sobre un pesqueiro novo de Noruega, que vai equipado con sauna, sala de vídeo, salón de xogos... e os tripulantes van traballar, pero cumprindo a xornada e co tempo de descanso correspondente. Ese ten que ser o futuro", comenta. O patrón maior ten claro que "no sector queremos evolucionar e mellorar, pero o problema non está no mar, vén de terra". Alude Ricardo Villar ao proxecto de eólica mariña Nordés, a principal preocupación do pósito neste momento, que afectaría ao caladoiro no que sempre traballaron os volanteiros de Cedeira. A Confraría deixou clara a súa postura, e para explicala mellor, o patrón maior aporta o mapa do lugar no que faenan os barcos da vila e a zona na que se queren instalar os enormes muíños de vento. No gráfico -que representa en vermello os puntos nos que faena a flota cedeiresa e en verde a área do parque eólico- queda claro que as estruturas interferirían na pesca.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA